


Larus michahellis Naumann, 1840

 gaivota patiamarela
 gaviota patiamarilla
 kaio kankahoria
 gavià argentat
 yellow-legged gull
 gaivota-de-patas-amarelas



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Charadriiformes	Laridae	<i>Larus</i>



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	550-1600 g
Lonxitude	52-68 cm
Envergadura	120-158 cm

ALIMENTACIÓN

Peixes, sepias, luras e restos orgánicos.

COMPORTAMENTO

Son animais diúrnos, monógamos e sociais, que se xuntan en grandes colonias durante a época de cría. Algúns individuos son sedentarios, pero moitos outros son migratorios, viaxando a zonas de interior ou máis cálidas no inverno.

REPRODUCCIÓN

O período de celo abarca de marzo a maio. Fórmanse parellas novas cada ano. Poñen 1-3 ovos entre abril e maio, que ambos pais, sobre todo a femia, incuban durante 27-31 días. A cría voa ás 35-40 días e acada a madurez sexual aos 4-5 anos.

HÁBITAT

Cantís mariños, illas costeiras, zonas húmidas e rexións urbanas.

DISTRIBUCIÓN

Cría nas costas da Europa mediterránea, incluíndo as súas illas, Galicia, Portugal, oeste e norte de Francia, Anatolia, Macaronesia, o Magreb, Levante asiático e Sinaí. Pasa o inverno nas zonas do interior nos arredores das anteriormente mencionadas, Alemaña, Suíza, a Benelux, Dinamarca, sur de Inglaterra, extremo sur de Suecia e Exipto. A maior colonia do mundo atópase en Galicia, nas illas Cíes.

CURIOSIDADES

Debido aos altos niveles de urbanización, son cada vez máis frecuentes en zonas de interior, sobre todo nas proximidades de vertedoiros, que son unha gran fonte de alimento.

A subespecie presente no campus é *Larus michahellis lusitanus* (Joiris, 1978), propia do oeste de Marrocos, Portugal e Galicia.